


# NATUREZA SUSPENDIDA



O ser humano esqueceuse do significado de sentir. Rutinario, nun mundo tan oposto á natureza que toma a experiencia desta como un desafío e un recordo dun pasado mellor.

Ante esta idea, planteámonos un xardín sensorial que nos leve atrás, non só ao pasado histórico coas reminiscencias a outras épocas como a dos xardíns colgantes, senón a un pasado intrahistórico, o pasado das persoas, das súas memorias, da súa infancia, o que integra a nosa experiencia do mundo coa de nós mesmos.

Un xardín flotante que volva ingravidos os recordos e esperte os nosos sentidos. O sentir da natureza, suspendida.

No chan, un conxunto de bandas florais e pavimentadas espertarán no visitante distintos estímulos visuais, táctiles, olfactivos e incluso sonoros coas pisadas.

